



## Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

### CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 29 DE SETEMBRO DE 2020

María Barral Varela, alcaldesa do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os distintos expedientes conclusos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria Ordinaria que terá lugar no Salón Azul do Edificio Liceo, o próximo martes 29 de setembro de 2020 ás 20:30 h en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

O motivo do cambio do local de realización da sesión é debido a poder manter a distancia de seguridade entre os/as asistentes por mor das medidas de protección fronte á Covid-19

SEGUNDO. Establecer a seguinte ORDE DO DÍA para a devandita sesión:

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións anteriores.
2. Dar conta de decretos da Alcaldía e asuntos varios.
3. Corrección de erro na aprobación do escudo heráldico do Concello de Betanzos
4. Ordenanza reguladora do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora polo incumprimento do regulamento de xestión do servizo de residuos urbanos no concello de Betanzos
5. Modificación de Crédito. Modalidade de suplemento de crédito financiado mediante remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, expediente núm. 29/2020
6. Moción do PP relativa a creación dun centro de información ás mulleres.
7. Moción do PP relativa a realización do debate do estado do municipio.
8. Rogos e preguntas

TERCEIRO. Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

#### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

O Secretario en réxime de acumulación (Resol.DXAL de 03/09/2019)

(Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18 do 16 marzo)

María Barral Varela

Adrián J. Márquez Caramés